

Declaración dos dereitos do Home e do Cidadán

Di o artigo 14 da constitución española de 1978 que “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacementos, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal o social”. Por que é necesaria unha declaración desta natureza nun texto legal? Porque non sempre foi así, nin en España nin noutras partes do mundo. De feito, a igualdade de todos os cidadáns ante a lei ten pouco máis de douscentos anos. A Declaración dos dereitos do Home e do Cidadán que vou comentar é, precisamente, un dos seus puntos de arranque.

Francia (e case toda Europa) vivía á altura de 1789 nun tempo que os estudosos denominan como Antigo Réxime (séculos XV-XVIII). Trátase dunha época con vestixios do feudalismo na que o sistema político estaba organizado ao redor do monarca; a súa soberanía baseábase nunha soposta orixe divina —apoiada nas Sagradas Escrituras, segundo o crego francés Bossuet, o que convirte á monarquía nunha institución incontestable no seo dunha sociedade cunha forte influencia eclesiástica—; ao lado do rei estaban a nobreza e a igrexa, estamentos privilexiados dos que dependían a maior parte da sociedade (os labregos), tanto a nivel económico como, en moitos casos, legal. A nobreza e a igrexa disfrutaban de todo tipo de privilexios, entre os que estaban o de dispor das súas propias leis. Os non privilexiados eran “súbditos”, non “cidadáns”.

Foi nese marco cando se produciu en Francia unha revolución que ía acabar co Antigo Réxime e que foi o xermolo dunha nova sociedade. O 14 de xullo de 1789 o pobo de París, canso dunha situación económica que o condeaba á fame e da arbitrariedade dos poderes, asaltou a prisión da Bastilla, símbolo da monarquía absoluta. Poucos días antes, os representantes do Terceiro Estado nos Estados Xerais, convocados polo rei Luís XVI para facer fronte á desastrosa situación financeira da monarquía, esixiran o voto por persoa, non por estamentos. Ante a imposibilidade de acadar a súa reivindicación, optaron por reunirse na sala coñecida como Xogo da Pelota e constituírse en Asamblea Nacional, é dicir, en representantes do pobo francés.

O 26 de agosto de 1789 a Asamblea Nacional fixo pública esta *Declaración dos dereitos do Home e do Cidadán*. Quero insistir no uso da palabra “cidadán”, que presupón que todo ser humano nace libre (art. 1); é unha clara alusión á situación de dependencia —de servidume en moitos casos— na que vivía o pobo fronte ao rei, á nobreza e á igrexa, dende os tempos do feudalismo. Tempos nos que as xentes do terceiro estado, como xa dixen, non eran cidadáns senón súbditos.

Todo cidadán goza, dinos a Declaración, de “igualdade de dereitos” polo mero feito de selo; son, xa que logos, dereitos “naturais e imprescriptibles” (art. 2), intrínsecos á condición da cidadanía. Eses dereitos son a propiedade —estamos nos inicios da revolución liberal, da revolución burguesa, na que a propiedade privada é case sagrada—, a seguridade, a resistencia á opresión —unha clara alusión tanto ao poder absoluto da monarquía como ao da aristocracia— e a liberdade. Mellor sería dicir liberdades, porque non é unha senón varias (art. 11): a “liberdade de palabra” (de expresión, diríamos hoxe en día), a “liberdade de imprenta” ou calquera outra que, como herdanza da Revolución

Francesa, son recoñecidas nas constitucións dos países democráticos (de pensamento, de asociación, de culto, etc.).

Fronte a idea presente no mundo que vai morrer a partir de 1789, o do absolutismo, de que a soberanía radicaba no trono, a proposta dos revolucionarios é clara: a soberanía emana dos cidadáns, da nación; é a plamación legal dun concepto xa forxado polos filósofos da Ilustración: a soberanía nacional. A lei, ante a que todos, lembro unha vez máis, son iguais, é “expresión da vontade xeral” (art. 6), expresión da vontade de todos os cidadáns. A lei protexerá os dereitos e as liberdades de todos e será a salvagarda de que o acceso ás “dignidades” (os cargos públicos, por exemplo, ata este momento vedados aos membros do terceiro estado) estará en relación “coas virtudes e os talentos” dos aspirantes, independentemente da súa orixe social (art. 6).

Non quero rematar este comentario sen facer unha reflexión sobre o mesmo título da Declaración que estou comentando. O texto refírese aos dereitos do Home, palabra que non se emprega nesta ocasión na súa acepción xenérica (o ser humano), senón que se refire ao varón. Proba do que estou a dicir é que no mesmo ano no que se aprobou a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, unha muller francesa, Olympe de Gouges, fixo pública outra Declaración de Dereitos, no seu caso da Muller e da Cidadá. Os seus contidos eran semellantes aos do texto aquí comentado pero “feminizados”. A revolución facía iguais ante a lei a todos os homes, pero non a todos o seres humanos. Co paso dos anos, cando o sistema democrático se vaia asentando, todos os cidadáns conseguirán como un dereito inalienable o do sufraxio. Falarase entón de sufraxio universal. Pero, tamén neste caso, a universalidade estará tinxida de xénero (masculino). O sufraxio non será realmente universal —para as mulleres e para os homes— ata o século XX, cando as mulleres vexan recoñecido o seu dereito de voto. Curiosamente, Olympe de Gouges morreu guillotizada, en plena Revolución Francesa.

Víctor Manuel Santidrián Arias